



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Intervención

Aprobación inicial do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2022 da Área de Seguridade e Tráfico

EDICTO

Aprobación inicial do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2022 da Área de Seguridade e Tráfico

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 24 de febreiro de 2022, aprobou inicialmente o anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2022 da Área de Seguridade e Tráfico.

Este acordo será obxecto de exposición pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ferrol (<https://www.ferrol.gal/sede>) durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas, de conformidade co establecido no artigo 169.1 do texto refundido aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo.

No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, o expediente considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do RDL 2/2004. No caso de presentarse reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Ferrol, 4 de marzo de 2022.

A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e EDUSI

María Teresa Deus Trasobares

2022/1146